

O tribunal cualificador do procedemento selectivo para o a elaboración dunha listaxe de agarda para cubrir temporalmente postos da escala técnica superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo A1, en sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024, ACORDOU:

PRIMEIRO. Facer públicos os seguintes **CRITERIOS DE CORRECCIÓN:**

O segundo exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 100 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con 4 respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao temario que figura no punto 6 da convocatoria. Recorreráse ás preguntas de reserva só se é preciso anular algunha das 100 preguntas formuladas inicialmente.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 105 minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas. As respostas incorrectas penalizaranse descontando unha correcta, por cada catro respostas incorrectas. O número de respostas correctas consideradas, a estes efectos, será o número de respostas netas.

Consonte coa base 8.2 da convocatoria, a persoa aspirante disporá de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas.

SEGUNDO. Facer públicos os seguintes **ASPECTOS ORGANIZATIVOS e INSTRUCCIÓNES:**

A persoa aspirante serán convocada nun único chamamento ás 10:00 horas, o día 17 de decembro de 2024 na aula 3 da Facultade de Dereito da USC (Campus Vida). Non se permitirá a entrada á aula unha vez pechada a porta.

A persoa aspirante deberá acudir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, así como lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para a recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.

O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se solicitase.

As persoas aspirantes, como participantes neste proceso, teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.

O Tribunal publicará na páxina web: <https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/subarea-planificacionpas>, un documento coas respostas correctas una vez finalizado o exercicio.

A folia de exame (formulario de respostas) é o de uso xeral da Universidade. Neste exame só deberá marcar dende o número 1 ao 105, que se corresponden co número de preguntas máis cinco de reserva.

A persoa aspirante non debe marcar máis dunha resposta por pregunta. De facelo será considerada como unha resposta incorrecta.

No caso de que a persoa aspirante desexe corrixir unha resposta deberá borrar completamente a marca errónea (debe terse en conta que a folia de exame é autocopiativa).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A Presidenta do Tribunal
Diana Santiago Iglesias

(sinatura dixital)

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:
<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:
<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DIANA SANTIAGO IGLESIAS, NIF ***2794**, 27/11/2024 11:03:45.

CSV: A37D-E19E-40ED-96FA